

IES Plurilingüe de AMES

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

CURSO 2021/22

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN 4º ESO

ÍNDICE

1.	Introducción e contextualización	5
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	4
2.1.	Contidos e relación dos estándares de aprendizaxe de Tecnoloxías da Información e Comunicación	8
2.2.	Procedementos e instrumentos de avaliación	15
3.	Obxectivos.....	17
3.1.	Obxectivos xerais de etapa nos cursos LOMCE	17
4.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe	19
4.1.	Tecnoloxías da Información e Comunicación	19
5.	Metodoloxía	29
6.	Materiais e recursos didácticos.....	31
7.	Avaliación.....	32
7.1.	Criterios de avaliación para Tecnoloxías da Información e Comunicación de 4º de ESO.....	32
7.2.	Instrumentos e criterios de cualificación e promoción na materia de Tecnoloxías da Información e Comunicación.....	34
8.	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	34
9.	Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	37
10.	Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas a aplicar.....	37
11.	Medidas de atención á diversidade.....	39
12.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	42
13.	Actividades complementarias e extraescolares, plan lector e tics.....	44

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora..... 44

1.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación plantéxase para o alumnado de ESO no centro IES DE AMES (Bertamiráns), durante o curso 2020/21.

Durante este curso as materias que forman parte deste departamento na ESO son: a propia materia do departamento, **Tecnoloxía**; a materia de libre configuración en 2º de ESO, **Programación**; a materia de 4º de ESO **Tecnoloxías da Información e Comunicación, TICs 4º ESO, FPB1 e FPB2**

En canto as TICs de 4º de ESO, a docencia sera impartida por:

Xosé Antón Ponte

4º ESO 3h

A materia de **Tecnoloxías da Información e Comunicación** caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

Temos dúas aulas de informática assignadas com prioridade, o que facilitará moito o seu desenvolvemento.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DA MATERIA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

A incorporación das competencias básicas ao currículo permite destacar aquelas aprendizaxes fundamentais dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. Polo tanto, ao rematar a ensinanza obrigatoria, os rapaces e rapazas poderán desenvolver as citadas competencias para poder acadar a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Dende o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, sinálanse sete competencias básicas. Nesta materia trataremos todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos aspectos máis afíns á materia, deste xeito:

a. Comunicación lingüística (CCL).

- Procesos de escoita comprensiva das ideas dos demais e de expresión dos propios argumentos.
- Vocabulario unido á materia.
- Lectura comprensiva de textos de diferente tipoloxía: expositivos, descritivos, hipertextos da Web, catálogos, libros de texto, enciclopedias especializadas.
- Destrezas para a correcta composición de textos e a elaboración de discursos para a comunicación de procesos e de resultados.
- Uso de aplicacións de procesamento de textos como axuda para a composición e edición de textos.
- Utilización de recursos tecnolóxicos como contextos de comunicación privilexiados para o intercambio de opinións, informacións e coñecementos sen os límites que impoñen o tempo e o espazo.
- Interpretación da linguaxe propia dos medios das TIC.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- Utilización da estimación e da precisión, para poder resolver problemas prácticos.
- Emprego de notacións numéricas, símbolos e expresións para tratar cos aspectos cuantitativos da realidade.
- Uso de medidas, algoritmos, táboas, escalas, gráficos, esquemas, expresións,...

c. Competencia dixital (CD).

- Uso do computador e dos medios audiovisuais como ferramentas nas diferentes fases da resolución de problemas prácticos: procura de información, expresión de ideas mediante procesadores de textos, organizadores de conceptos, programas de presentacións, fotografías, vídeos, infografías, páxinas Web,...
- Coñecemento instrumental e técnico das ferramentas informáticas para acceder á información, creala e comunicala.
- Desenvolvemento da creatividade na elaboración de documentación e do pensamento crítico ante as producións propias e alleas.
- Posibilitar a todo tipo de alumnado o acceso aos recursos tecnolóxicos, co fin de evitar a exclusión de individuos ou grupos sociais.

d. Aprender a aprender (CAA).

- Desenvolvemento de estratexias na resolución de problemas prácticos: planificar o que vai realizar (prever accións, avalialas), xestionar a información preexistente xunto á obtida da experiencia para poder continuar coa resolución da actividade e transferir o coñecemento adquirido a outras situacións.
- Desenvolvemento da meta-cognición, o coñecemento e o control do propio pensamento.
- Contribución aos aspectos relacionados co tratamento da información e a súa transformación en coñecemento e coa comunicación aos demais das aprendizaxes elaboradas.
- O traballo con medios informáticos como realización de tarefas que requiren a xestión autónoma do propio proceso de aprendizaxe; a auto-avaliación do mesmo; a posta en práctica de diferentes estratexias de aprendizaxe, como o ensaio-erro, o rexistro sistemático dos feitos ou o traballo cooperativo.

- O acceso a contornas virtuais de aprendizaxe como ferramenta para a aprendizaxe autónoma ao longo da vida.

e. Competencias sociais e cívicas (CSC).

- Desenvolvemento do traballo en equipo con miras á resolución de problemas prácticos: participación, compromiso, cooperación, resolución de conflitos derivados da interacción.
- Coñecementos e habilidades necesarios para acceder á información e para utilizala adecuadamente a nivel persoal e social.
- Utilización das TIC para participar en proxectos onde se compartan ideas e opinións e para o acceso a servizos ou colaboracións en asociacións e grupos diversos.

f. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

- **Desenvolvemento da capacidade para inducir cambios, para responsabilizarse das accións propias e para marcar e cumprir obxectivos.**
- O método de resolución de problemas prácticos como seguimento das fases da aprendizaxe: detección de oportunidades e problemas que poden ser resoltos (actitude de presenza na realidade, atención, facerse preguntas), extracción da información máis significativa, fase creativa (formulación e achega de solucións), fase de realización (aceptación das limitacións, consideración dos erros como fontes de aprendizaxe) e fase de avaliación e recapitulación (reorganización do propio mapa cognitivo, establecemento de conclusións).

- Desenvolvemento das habilidades de planificación, procura de solucións; da perseveranza, da asunción de erros e o aprender deles, dunha actitude flexible e unha continua adaptación a unha contorna tecnolóxica cambiante.
- Desenvolvemento do traballo en equipo.

g. Conciencia e expresións culturais

- Os diferentes modos de resolver problemas prácticos nos diversos momentos históricos.
- A imaxinación e a creatividade como valor engadido.
- Utilización dos medios tecnolóxicos como acceso a informacións e manifestacións culturais e artísticas, tanto próximas como distantes e diversas.
- Coñecemento de aplicacións e programas informáticos e do manexo de medios tecnolóxicos como posibilidades na elaboración de producións artísticas en todos os campos (música, literatura, artes visuais e escénicas) e na creación de novos contidos multimedia que integren as diferentes linguaxes artísticas.
-

2.1. CONTIDOS E RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

2.1.1. CONTIDOS.

Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede.

1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede.
Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.

2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.
3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.
4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.
5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.

Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes.

1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.
2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.
3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.
4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.
5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.

Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital.

1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.
2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.
3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.

4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.
5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.
6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.
7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.

Bloque 4. Seguridade informática.

1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.
2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.
3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.

Bloque 5. Publicación e difusión de contidos.

1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.
2. Deseño de páxinas web sinxelas.
3. Creación e publicación na web. Estándares de publicación.
4. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.

Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión.

1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.
2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.
3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.
4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.
5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.
6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.

2.1.2. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA MATERIA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Competencias Clave
4º-TICB1.1.1-Interactúa con hábitos adecuados en con-tornos virtuais.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CSC
4º-TICB1.1.2-Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	PROCEDEMENTO: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTO: Posta en común.	CD, CMCCT.
4º-TICB1.2.1-Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o in-tercambio de información.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CAA, CSC, CCEC
4º-TICB1.3.1-Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CAA, CSC
4º-TICB1.3.2-Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CSC, CCEC
4º-TICB2.1.1-Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT, CAA
4º-TICB2.1.2-Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CMCCT
4º-TICB2.2.1-Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT, CAA
4º-TICB2.3.1-Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CMCCT
4º-TICB2.4.1-Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT

4º-TICB2.5.1-Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT, CCL
4º-TICB3.1.1-Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC
4º-TICB3.1.2-Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT, CCL, CSIEE
4º-TICB3.1.3-Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Investigacións.	CD, CMCCT, CAA, CSIEE
4º-TICB3.2.1-Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC
4º-TICB3.2.2-Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE
4º-TICB4.1.1-Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	PROCEDEMENTO: Probas específicas. INSTRUMENTO: Proba obxectiva.	CD, CMCCT
4º-TICB4.1.2-Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CMCCT
4º-TICB4.1.3-Describe a	PROCEDEMENTO:	CD, CMCCT, CCL

importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTO: Posta en común.	
4º-TICB5.1.1-Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Investigacións.	CD, CMCCT, CAA, CSC
4º-TICB5.2.1-Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT, CAA, CCL
4º-TICB5.2.2-Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Portfolio.	CD, CMCCT, CCL, CSC, CSIEE, CCEC
4º-TICB5.3.1-Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática. INSTRUMENTO: Diario de clase.	CD, CMCCT, CCL, CSC, CSIEE, CAA
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT, CSIEE
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Portfolio.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSC
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese.	CD, CMCCT

2.2. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Principios xerais e estratexias

A normativa vixente sinala que a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora:

- **Continua**, para garantir a adquisición das competencias imprescindibles, establecendo reforzos en calquer momento do curso cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa axeitado.
- **Formativa**, para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe durante un periodo ou curso de xeito que o profesorado poida axeitar as estratexias de ensinanza e as actividades didácticas co fin de mellorar o aprendizaxe de cada alumno.
- **Integradora**, para a consecución dos obxectivos e competencias correspondientes, sen impedir a realización da avaliación de xeito diferenciado: a avaliación realízase tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis de cada unha delas.

Ademáis, a LOMCE manifesta que realizaranse avaliacións externas de fin de etapa con **carácter formativo e de diagnóstico**, sendo estas homologables ás que se realizan no ámbito internacional (en especial ás da OCDE) e centradas no nivel de adquisición das **competencias**.

Estas defínense como capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de acadar a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Xunto coas competencias, establécense outros elementos do currículo fundamentais para a avaliación. Trátase dos seguintes:

- Os **criterios de avaliación** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe acadar, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada asignatura.
- Os **estándares** son as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os **resultados de aprendizaxe**, e que concretan o que o estudante debe saber, comprender e saber facer en cada asignatura; deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou logro acadado. O seu deseño debe contribuir a facilitar a construción de probas estandarizadas e comparables.

Os referentes para a comprobación do grado de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final da materia serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Temporalización

Ao longo de cada curso escolar realizaranse tres sesións de avaliación dos aprendizaxes do alumnado, unha por trimestre, sen contar a avaliación inicial. A última sesión entenderase como a de avaliación final ordinaria do curso.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o axeitado, o profesorado adoitará as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular que considere oportunas para axudarlle a superar as dificultades mostradas. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes básicas para continuar o proceso educativo. O alumnado poderá realizar no mes de setembro unha proba extraordinaria de non ter superado na avaliación final ordinaria de xuño.

3. OBXECTIVOS.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NOS CURSOS LOMCE

Os currículos da materia de Tecnoloxías da Información e Comunicación enmarcanse no referente que supoñen os **obxectivos xerais de etapa**, como determina o artigo 10 do **Decreto 86/2015**, que establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales obxectivos alcanzaranse como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe deseñadas para tal fin en cada unha das materias da Educación Secundaria Obrigatoria.

Os obxectivos vinculados á materia de **Tecnoloxías da Información e Comunicación** son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

. ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a

comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. **CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE.**

4.1 PARA TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Ética e estética na interacción en rede							
TIC-B1.1	4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. Peso: 3.57%	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CSC
TIC-B1.1	4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. Peso: 3.57%	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. 10%	CD, CMCT
TIC-B1.2	4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CAA, CSC, CCEC

	información. Peso: 3.57%						
TIC-B1.3	4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. Peso: 3.57%	Navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CAA, CSC
TIC-B1.3	4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. Peso: 3.57%	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CSC, CCEC
Bloque 2: Computadores, sistemas operativos e redes							
TIC-B2.1	4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. Peso: 3.57%	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT, CAA
TIC-B2.1	4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema	Configura elementos básicos do sistema operativo	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CD, CMCT

	operativo e de accesibilidade do equipamento informático. Peso: 3.57%					INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	
TIC-B2.2	4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. Peso: 3.57%	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT, CAA
TIC-B2.3	4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos. Peso: 3.57%	Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CMCT
TIC-B2.4	4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador e as súas características técnicas.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT

	Peso: 3.57%						
TIC-B2.5	4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. Peso: 3.57%	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT, CCL
Bloque 3: Organización, diseño e produción de información dixital							
TIC-B3.1	4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. Peso: 3.57%	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC
TIC-B3.1	4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. 30%	CD, CMCT, CCL, CSIEE

	Peso: 3.57%						
TIC-B3.1	4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. Peso: 3.57%	Elabora bases de datos sinxelas.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. 30%	CD, CMCT, CAA, CSIEE
TIC-B3.2	4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. Peso: 3.57%	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. 30%	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC
TIC-B3.2	4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. 30%	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE

	Peso: 3.57%						
Bloque 4: Seguridade informática							
TIC-B4.1	4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. Peso: 3.57%	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. 20%	CD, CMCT
TIC-B4.1	4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. Peso: 3.57%	Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CMCT
TIC-B4.1	4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. Peso: 3.57%	Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común. 10%	CD, CMCT, CCL
Bloque 5: Publicación e difusión de contidos							
TIC-B5.1	4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren	Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CD, CMCT, CAA, CSC

	compartir recursos en redes locais e virtuais. Peso: 3.57%	locais e virtuais.				INSTRUMENTOS: Investigacións. 30%	
TIC-B5.2	4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. Peso: 3.57%	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. 30%	CD, CMCT, CCL, CAA
TIC-B5.2	4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. Peso: 3.57%	Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación con respecto aos dereitos de propiedade.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Portfolio. 30%	CD, CMCT, CCL, CSC, CSIEE, CCEC
TIC-B5.3	4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. Peso: 3.57%	Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase. 10%	CD, CMCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC
Bloque 6: Internet, redes sociais e hiperconexión							
TIC-B6.1	4º-TICB6.1.1 - Elabora	Elabora materiais para a web			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CD, CMCT,

	<p>materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.</p>				<p>alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Trabajo de aplicación e síntese.</p> <p>30%</p>	<p>CSIEE</p>
TIC-B6.1	<p>4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</p>		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> <p>10%</p>	<p>CD, CMCT, CCL, CAA, CSC</p>
TIC-B6.1	<p>4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p> <p>20%</p>	<p>CD, CMCT</p>
TIC-B6.2	<p>4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> <p>10%</p>	<p>CD, CMCT, CCL, CAA, CSC, CSIEE</p>
TIC-B6.3	<p>4º-TICB6.3.1 - Emprega</p>	<p>Emprega canles de distribución</p>			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	<p>CD, CMCT,</p>

	<p>canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p> <p>Peso: 3.57%</p>	<p>de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p>				<p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p> <p>10%</p>	<p>CCL, CSC</p>
--	---	---	--	--	--	--	-----------------

5. METODOLOXÍA.

Principios metodolóxicos

Na materia de **Tecnoloxías da Información e Comunicación** será moi necesario o traballo guiado polo profesor, pero sobre todo enfatizarase a autoaprendizaxe, a conexión continua entre teoría e práctica e a aprendizaxe cooperativa.

A metodoloxía que imos por en xogo ao longo deste curso aséntase nos seguintes principios:

- **Motivación:** ao alumno hai que atraerlle mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu afán por aprender.
- **Interacción omnidireccional** no espacio-aula:
 - profesor-alumno: o docente establecerá unha “conversación” permanente co alumno, quen vese interpelado a establecer conexións con ideas previas ou con outros conceptos, e ve facilitado a súa aprendizaxe a través dun diálogo vivo e enriquecedor.
 - alumno-alumno: o traballo colaborativo, os debates e a interacción “entre pares” son fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que trascende unhas metodoloxías pasivas que non desenvolven as competencias.
 - alumno consigo mesmo: auto interrogándose e reflexionando sobre o seu propio aprendizaxe, o alumno é conscente do seu papel e o adoita de maneira activa.
- **Equilibrio entre coñecementos e procedementos:** o coñecemento non se aprende ao marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción

que se leva a cabo. Así, conxugamos o traballo dos coñecementos coa amplitude e rigor necesarios, por un lado, con aspectos básicos para unha actividade técnica como as ferramentas ou as habilidades e destrezas; entre elas, a elaboración de documentos de texto, presentacións electrónicas ou producións audiovisuais, que poden ser utilizadas para a presentación e documentación de proxectos ou presentación de informes relacionados con contidos doutros bloques.

- **Aprendizaxe activo e colaborativo:** a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha forma óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado no seu propio aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- **Atención á diversidade:** na nosa metodoloxía, a clave é garantir o avance seguro, o logro paso a paso. Evitando lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo de que é capaz.

O traballo en pequenos grupos proporcionará un marco no cal os alumnos/as poderán probar e desenvolver o seu nivel de comprensión. Deste xeito o estudante non aprenderá só; aínda que teña que realizar tarefas individualmente, estas formarán parte habitualmente dun traballo en grupo que deberá aprender a coordinar.

Terase sempre en conta o seguinte:

- Adecuación dos ritmos de aprendizaxe ás capacidades do alumnado.
- Revisión do traballo diario do alumno.
- Relacionarase os novos contidos cos coñecementos previos.

A avaliación de cada alumno tomará en consideración as súas características individuais e valorará os progresos a partir do nivel inicial e de acordo coas súas posibilidades, circunstancias e esforzo persoal. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumno/a , polo que ten un carácter continuo.

A avaliación estará dirixida a facilitar a aprendizaxe do alumnado mediante a corrección, orientación e apoio ante as dificultades.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

En **Tecnolxías da Información e Comunicación:**

Os recursos que se utilizarán son os seguintes:

Aula de informática

Material dixital creado polo profesor

Aula virtual do centro

Motores de busca en Internet.

Dicionarios e enciclopedias dixitais.

Redes sociais.

Páxinas web de referencia e consulta.

Software ofimática.

Ordenadores con acceso a Internet.

7. AVALIACIÓN

7.1. Criterios de avaliación para Tecnoloxías da Información e Comunicación:

Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede

B1.1 Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.

B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.

B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.

Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes

B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.

B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.

B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.

B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.

B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.

Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital

B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.

B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.

Bloque 4. Seguridade informática

B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.

Bloque 5. Publicación e difusión de contidos

B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.

B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.

B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.

Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión

B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.

B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.

B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NA MATERIA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

Realizaranse probas obxectivas individuais tanto de aspecto teórico como práctico, e traballos individuais ou en grupo.

A avaliación será da maneira seguinte:

- 40%: incluírá producións e traballos do alumnado
- 30%: probas esepecíficas
- 30%: incluírá as actividades diarias en clase.

Contémplase a recuperación das avaliacións ao final do curso nunha proba final de toda a materia.

En setembro examínanse aqueles alumnos que non acadaran os contidos mínimos.

Situación especial COVID19. Tendo en conta esta especial situación cabe destacar que se chegase o momento de ter que levar a cabo a docencia mediante procedementos virtuais, usaríase a aula virtual e todos os medios dos que dispón e implementa a consellería de educación. As actividades diarias na clase pasarían a ser actividades realizadas na casa, propostas e controladas polo profesor, así como as probas específicas e traballos que serían feitas e presentados respectivamente de forma telemática

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Desenvolveremos a **avaliación da ensinanza** e dos seus compoñentes conforme a **estratexias** que nos permitan obter **información significativa e continua** para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a **mellora de calidade** da ensinanza.

Co obxectivo de garantir a **obxetividade** da avaliación, seleccionaremos procedementos, técnicas e **instrumentos** de acordo aos seguintes **requisitos**:

- **Variedade**, de modo que permitan contrastar datos de avaliación obtidos a través de distintos instrumentos.
- **Concreción** sobre o que se pretende, sen introducir variables que distorsionen os datos que se obteñan coa súa aplicación.
- **Flexibilidade e versatilidade**, serán aplicables en distintos contextos e situacións.
- **Participación**, o consenso en todos estes aspectos básicos marcará a estratexia avaliadora do equipo docente.

Empregaremos a **triangulación** para obter información do proceso de ensinanza mediante **diversidade de fontes** (distintas persoas, documentos e materiais), de **métodos** (pluralidade de instrumentos e técnicas), de **avaliadores** (atribuir a diferentes persoas o proceso de recollida de información, para reducir a subxetividade), de **tempos** (variedade de momentos), e de **espacios**. Empregaremos para elo as seguintes técnicas:

- **Observación**: directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).
- **Entrevista**: permitiranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. dos alumnos e das súas familias. O seu emprego axeitado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.
- **Cuestionarios**: complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas. Resulta de utilidade a avaliación que realizan os

alumnos sobre algúns elementos da programación: qué iniciativas metodolóxicas foron máis do seu agrado, con qué formula de avaliación se sinten máis cómodos, etc.

As técnicas/procedementos para a avaliación necesitan instrumentos específicos que garanten a sistematicidade e rigor necesarios no proceso de avaliación. Fan posible o rexistro dos datos da avaliación continua e sistemática e convértense, así, no instrumento preciso e áxil que garante a viabilidade dos principios da avaliación aos que aludimos.

Empregaremos os seguintes:

Listas de control: nelas aparecerá se se acadaron ou non cada un dos aspectos avaliados. Son moi axeitadas para valorar os procesos de ensinanza, en particular na avaliación de aspectos de planificación, materiais...

Escalas de estimación: as máis utilizadas son as táboas de dobre entrada que recollen os aspectos a avaliar e una escala para valorar o logro de cada un deles. Esta escala pode reflexar referentes cualitativos (sempre, frecuentemente, as veces, nunca), ou constituir unha escala numérica; etc. Son de grande utilidade para reflexar as competencias profesionais do profesorado plasmadas en indicadores para cada tipo de competencia.

Ao longo do curso avaliaremos como evoluciona a nosa práctica docente e se o proceso de ensino está a ter resultados positivos. Para iso estableceremos como indicador de logro a temporalización da programación facendo unha comparativa do que estaba previsto e o que se fixo na realidade. Usarase unha táboa como a que sigue:

EA	Temporalización prevista			Temporalización real		
	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre

9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN

Proba extraordinaria.

A proba extraordinaria que terá lugar no mes de setembro, se a situación COVID19 o permite, constará de preguntas relacionadas con cada bloque. Todas as preguntas terán a mesma valoración. Considerarase que o alumnado superou a materia se consegue unha cualificación igual ou superior ao 4,5. Haberá unha proba escrita que califica un 100% da nota. De forma extraordinaria, poderase pedir, se fose o caso, actividades de aula virtual. Se solo hai proba escrita esta contará o 100% da nota. Se se fixeran tamén exercicios na aula virtual o profesor decidirá a puntuación que lles asigna e obviamente se solo se fixeran exercicios na aula virtual a porcentaxe global sería considerada integramente por este medio telemático.

10. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A APLICAR.

Na avaliación dos procesos de ensinanza e da nosa **práctica docente** teremos en conta a estimación, tanto **aspectos** relacionados co propio **documento de programación** (adequación dos seus elementos ao contexto, identificación de todos os elementos,...), como os relacionados coa súa **aplicación** (actividades desenvolvidas, resposta aos

intereses dos alumnos, selección de materiais, referentes de calidade en recursos didácticos, etc.).

Para ganar en sistematicidade e rigor levaremos a cabo o **seguemento e valoración** do noso traballo apoiándonos nos seguintes **indicadores de logro**:

- Identifica na programación obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe adaptados ás características do grupo de alumnos aos que vai dirixida a programación.
- Describe as medidas para atender tanto a os alumnos con ritmo máis lento de aprendizaxe como aos que presentan un ritmo máis rápido.
- Emprega materiais variados en canto a soporte (impreso, audiovisual, informático) e en canto a tipo de texto (continuo, discontinuo).
- Emprega materiais “auténticos” para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e a transferencia dos aprendizaxes do entorno escolar ao sociofamiliar e profesional.
- Estimula tanto o pensamento lóxico (vertical) como o pensamento creativo (lateral).
- Fomenta, a través da súa propia conduta e as súas propostas de experiencias de ensinanza-aprendizaxe, a educación en valores.
- Favorece a participación activa do alumno, para estimular a implicación na construción dos seus propios aprendizaxes.
- Enfrenta ao alumno á resolución de problemas complexos da vida cotiá que esixen aplicar de forma conxunta os coñecementos adquiridos.
- Establece cauces de cooperación efectiva coas familias para o desenvolvemento da educación en valores e no establecemento de pautas de lectura, estudo e esforzo en casa, condicións para favorecer a iniciativa e autonomía persoal.

- Propón actividades que estimulen as distintas fases do proceso a construción dos contidos (identificación de coñecementos previos, presentación, desenvolvemento, profundización, síntesis).
- Da resposta aos distintos tipos de intereses, necesidades e capacidades dos alumnos.
- Orienta as actividades ao desenvolvemento de capacidades e competencias, tendo en conta que os contidos non son o eixe exclusivo das tarefas de planificación, senón un elemento máis do proceso.
- Estimula a propia actividade constructiva do alumno, superando o énfasis na actividade do profesor e o seu protagonismo.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O noso sistema educativo baséase no *principio de normalización* que establece que todas as alumnas e alumnos, teñan a dificultade ou necesidade que sexa, serán atendidos a través das medidas máis ordinarias posibles e só en caso necesario se empregarán medidas extraordinarias para emendar as extremas necesidades educativas. É por iso que a nosa programación didáctica inclúe todos os alumnos/ás con necesidades educativas específicas.

Como docentes temos o labor de adaptar o noso ensino a todos e cada un dos nosos alumnos, incluíndoos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez prestándolles directa ou indirectamente unha atención máis individualizada a aqueles alumnos/ás que o necesiten. Isto implica que debemos estar dispostos a variar tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas en función das necesidades específicas da aula, é dicir, a asumir que temos tantas realidades distintas como alumnos/ás haxa na aula. Para iso facemos unha formulación aberta como o que segue:

- *Adaptaremos* as primeiras explicacións de cada unidade didáctica ao nivel dos alumnos e alumnas con maiores dificultades.
- *Reforzaremos*, sempre que sexa posible, contidos estudados en cursos anteriores, facilitando así a asimilación dos de cada unidade.
- *Proporemos* actividades de reforzo para os alumnos e alumnas con formación máis deficiente nesta área, á vez que ampliaremos algún aspecto da materia para aqueles máis adiantados ou que chegaron ao curso con mellor preparación.
- Intentaremos propoñer exemplos e problemas ou actividades de diferente dificultade para adecuarnos ao nivel dos distintos alumnos e alumnas.

Atención a alumnos e alumnas estranxeiros. Partindo do principio de "non discriminación e tolerancia debemos contemplar accións de acollida para que estes alumnos/ás se adapten á nosa cultura e sociedade. Se fose preciso pódense propoñer medidas tales como:

Reforzo educativo, que modifica só elementos non prescritivos do currículo para adaptarnos ás demandas do alumno

Adaptación curricular individualizada (ACI, medida extraordinaria), que modifica os elementos prescritivos do currículo, tendo que ser solicitada a súa autorización á Inspección Educativa. Nestes casos, o máis conveniente é modificar só contidos e criterios de avaliación, mantendo os obxectivos co fin de que estes poidan ser conseguidos polo alumno ao final do curso.

Atención a alumnos e alumnas superdotados. É de esperar que recibiran *reforzo educativo* como medida ordinaria (proporcionándolle recursos, materiais, actividades complementarias, ...) e, mesmo, é posible que foran obxecto de *redución* ou *anticipación* do período de escolarización durante o ensino básico. De considerarse oportuno, tamén cabe a posibilidade de levar a cabo unha adaptación curricular

individualizada (ACI) -casos excepcionais- aumentando obxectivos, contidos e criterios de avaliación ou aumentando o nivel destes.

Atención a alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Dependendo do tipo de necesidade, e asesorados polo Departamento de Orientación, poderemos tomar medidas como reforzo educativo ou adaptación curricular individualizada.

En calquera caso, e de forma xeral, debemos intentar que as clases se desenvolvan nun clima de confianza onde todos os *alumnos/ás* participen nas actividades sen sentirse excluídos pola súa condición, sexo, raza, nivel socioeconómico-cultural, crenzas, capacidades ou calquera outro aspecto.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁNNO CURSO QUE CORRESPONDA.

O **artigo 4** do **Decreto 86/2015**, que establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade, subraia a **relevancia** dos elementos transversais na Programación. Determinábase que o desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, e a argumentación en público, así como a educación en valores, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación, abórdanse dun xeito **transversal** ao longo de toda a etapa. A concreción deste tratamento atópase na programación de cada unidade didáctica. Sen embargo, dunha maneira xeral, establecemos as seguintes liñas de traballo:

- **Comprensión lectora:** o alumnado enfrontarase a diferentes tipos de textos (por exemplo, instrucións) de cuia adecuada comprensión dependerá a finalización correcta da tarefa.

- **Expresión oral:** os debates na aula, o traballo por grupos e a presentación oral dos proxectos son, entre outros, momentos a través dos cales os alumnos deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas.
- **Expresión escrita:** a elaboración de traballos de diversa índole (informes de resultados, memorias técnicas, conclusións, análise de información extraída de páxinas web, etc.) irá permitindo que o alumno constrúa o seu portfolio persoal, a través do cal non solo poderase valorar o grado de avance da aprendizaxe do alumno senón a madurez, coherencia, rigor e claridade da súa exposición.
- **Comunicación audiovisual e TIC:** o uso das tecnoloxías da información e a comunicación estará presente en todo momento, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora un emprego exhaustivo de tales recursos, dunha maneira moi activa. O alumnado non so terá que facer uso das TIC para traballar determinados contidos (a través de vídeos, simulacións, interactividades...) senón que deberá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes; por exemplo, mediante a realización de presentacións individuais e en grupo.
- **Educación en valores:** o traballo colaborativo, un dos pilares do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demás, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Neste sentido, alentaremos o rechazo da discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Respecto a elo, queremos **subraiar** que o **Decreto 86/2015, destaca de forma significativa** a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da

identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Noutra orde de cousas, será igualmente importante a valoración crítica dos hábitos sociais e o consumo, así como o fomento do coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e mellora.

- **Emprendemento:** a sociedade actual demanda persoas que sepan traballar en equipo. Os centros educativos impulsarán o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común, a valoración e o respecto das opinións dos demais. Así como a autonomía de criterio e a autoconfianza.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, PLAN LECTOR E TICS.

Figuran na programación principal do departamento de Tecnoloxía

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Prevemos unha revisión da programación ao finalizar cada trimestre, analizando os resultados académicos do alumnado. Unha vez detectado o proceso no que se farán cambios procederase a engadir un anexo na programación no que se recolla esa modificación e análise e ao final de curso recollerase na memoria do departamento.

Velaremos polo **axuste e calidade** da nosa **programación** a través do seguemento dos seguintes **indicadores**:

- a) Recoñecemento e respecto polas disposicións legais que determinan os seus principios e elementos básicos.
- b) Adecuación da secuencia e distribución temporal das unidades didácticas e, nelas, dos obxetivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.
- c) Validez dos perfís competenciais e da súa integración cos contidos da materia.
- d) Avaliación do tratamento dos temas transversais.
- e) Pertinencia das medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares aplicadas.
- f) Valoración das estratexias e instrumentos de avaliación dos aprendizaxes do alumnado.
- g) Pertinencia dos criterios de calificación.
- h) Avaliación dos procedementos, instrumentos de avaliación e indicadores de logro do proceso de ensinanza.
- i) Idoneidade dos materiais e recursos didácticos utilizados.
- j) Adecuación das actividades extraescolares e complementarias programadas.
- k) Detección dos aspectos mellorables e indicación dos axustes que se realizarán en consecuencia

A avaliación do proceso de ensinanza terá **un carácter formativo**, orientado a **facilitar** a toma de **decisións** para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a **mellora do proceso de xeito continuo**.

Con elo pretendemos unha **avaliación** que contribúa a **garantir a calidade e eficacia** do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos na **Memoria Final** de curso, xunto coas correspondentes **Propostas de Mellora** de cara a que cada curso escolar, a práctica docente **augmente o seu nivel de calidade**.